

Querida amiga: / Querido amigo:

Aquí ESTAMOS DE VOLTA: a nova Biblioteca do Forum, para a xente toda, xente diversa en idade, intereses e gustos. Para a que lle gusta ler, para quen guste da música, para a que lle guste o cinema e a banda deseñada, para as persoas divertidas e para as persoas serias, para quen gusta de voar e para que prefire pousar os pés no chan.

Aquí hai libros, discos, DVD's, revistas, xogos... que te están agardando, para os que sodes amigos de sempre, e para os que ides atopar un lugar sorprendente.

Na biblioteca podes atopar a maxia que che abrirá novos intereses, emocións. Aquí non o resolveremos todo, que máis quixeramos!, pero podemosche axudar a atopar algunhas respostas e solucións.

Temos un espazo cheo de libros, de revistas, de música, de cinema... pero sobre todo cheo de persoas que te esperan para darche outra vez a benvinda: ESTAMOS DE VOLTA.

Fixemos unha reforma completa para ter máis espazo, máis luz, máis servizos, máis comodidade...

Achégate o venres, **4 de febreiro, ás 18:00 h.** a vernos e logo axúdanos a traer máis xente. Para seguir facendo máis forte o club máis grande da cidade: 90.000 persoas son socias das bibliotecas municipais, xente que nos axuda a reivindicar, celebrar, chamar cada día a máis xente á cultura.



María Xosé Bravo
CONCELLEIRA DE CULTURA



A CORUÑA CULTURA
*tamén é
cousa túa*



Programación de actos e actividades

FEBREIRO - MARZO 2011



Biblioteca Forum estamos de volta!

de banda

para saber+

en feminino

Son do Forum

LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES		SÁBADO			
7	19.30 h.: A granxa agrícola de Monelos. Tino Fraga, director MC2. (Público Adulto)	8	19.30 h.: Moita poesía, pouca diversión. Lucía Aldao e María Lado. (A partir de 14 anos)	9	19.30 h.: Encontro co director de cine Oliver Laxe. (A partir de 14 anos)	10	20.00 h.: Primordiais. Recital para voz, harpa e tina. Central Folque. (Todos os públicos)	4	18.00 h.: Acto Inaugural 18.30 h. - 20.30 h.: Compañía Trinke Trinke	5	12.00 h.: Arrolos de salitre con Xabier Díaz e Guillerme Fernández. (Familias con Bebés) 18.30 h.: Presentación do libro "Todo é silencio", Manuel Rivas e Rómulo Sanjurjo. (Todos os públicos)		
14	19.30 h.: Ser pai e nai na internet. Jorge Castro Ruso. (Público Adulto)	15	19.30 h.: Recital multimedia. Iolanda Castaño. (A partir de 14 anos)	16	19.30 h.: Sempre nos quedará o Fórum. Números do negocio cinematográfico. Martín Pawley. (A partir de 14 anos)	17	20.00 h.: Sesión-Música- Cultural- Visual-Electrónica. Electroqueer V.J. (Todos os públicos)	18	20.00 h.: Como editar fanzines e revistas en Galicia: Sinónimos de Lucro e Retranca. David Buceta e Kiko da Silva. (A partir de 14 anos)	11	19.30 h.: Presentación do proxecto DemoEditorial. Manel Cráneo. (A partir de 14 anos)	12	18.30 h.: Merendas con Contos. Compañía Trinke Trinke (Familias con nenos/as de 3 a 7 anos)
21	19.30 h.: Territorios literarios. A Coruña de Luisa Vilalta. María Casar. (Público Adulto)	22	19.30 h.: O porto da Coruña e a emigración de mulleres. Intertítulos para tres historias. Dores Tembrás. (A partir de 14 anos)	23	19.30 h.: Do audiovisual á literatura: proxección de curtas. Mr. Misto. (A partir de 14 anos)	24	21.00 h.: Festival de Banda Desgrefiada coa participación dos grupos Mano de Obra, Hongo e Ursus. (Todos os públicos)	25	19.30 h.: Obradoiro de iniciación ao Cómic. Luis Sendón e Álvaro López. (A partir de 12 anos) INSCRICIÓN PREVIA.	19	12.00 h.: "Na punta do pé" Obradoiro de baile co grupo Pesdelán (Todos os públicos)	26	12.00 h.: Mamá Cabra (Familias con Bebés) INSCRICIÓN PREVIA. 18.30 h.: Merendas con Contos. Compañía Trinke Trinke. (Familias con nenos/as de 3 a 7 anos)
28	19.30 h.: Mulleres galegas e ciencia. Iolanda Fernández Casal (Público Adulto)	1	19.30 h.: Entre o universo e a tinta. Estibaliz Espinosa. (A partir de 14 anos)	2	19.30 h.: Obradoiro: "No ollo da arte". Un xeito de entender a literatura a través da arte. Antía Otero. (A partir de 14 anos) INSCRICIÓN PREVIA	3	20.00 h.: Concerto acústico de Sés con Mª Xosé Silvar e Titio Calviño. (Todos os públicos)	4	17.30 h.: Obradoiro de graffiti Express. Leonardo López García. (Todos os públicos) INSCRICIÓN PREVIA.	5	12.00 h.: "Contos de máxía". Chrystyan Magic. (Todos os públicos)		



Gañamos cristaleras cara o exterior.
Renovamos o sistema de climatización.
Bebeteca para os máis pequeniños.
Máis postos de servizo.

Nova zona para mozas e mozos.
Mobiliario adaptado ás distintas necesidades.
Novos servizos.
Lugares nos que reunirse, sentarse ou deitarse...

A CORUÑA CULTURA
tamén é
COUSA TUA



Concello da Coruña
Concellería de Cultura